

## POLITICA DE CALIDADE DA USC

Para o goberno da USC a calidade é unha arela que abrangue todos os seus ámbitos de actividade e supón a busca da mellora permanente. O seu obxectivo, na docencia, na investigación e nos servizos é atender as necesidades dos usuarios directos e tamén da sociedade.

Esa mellora permanente esixe a implantación de accións que, nacendo dos órganos de goberno da USC e liderados pola máxima autoridade universitaria, impliquen o compromiso e a participación de todas e todos.

Con este obxectivo, a USC leva anos consignando a aposta pola calidade nos seus instrumentos de planificación. Así se recolleu no Plan Estratégico 2011-2020, na súa liña estratéxica “xestión simple, eficaz e transparente”, onde se establece que “... a USC debe manter presente o seu obxectivo último, que non é outro que acadar a excelencia nas súas actividades. Unha ferramenta eficaz para a consecución deste obxectivo é a implantación de sistemas de xestión da calidade...”.

Pola súa parte, a Programación Plurianual 2019-2022, no seu eixo nº 1 recolle “Centrar a atención no estudantado”, na súa liña 1.3 “Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado” e na 1.4 “Transformar o modelo de xestión da calidade” estableceu, entre outros, os obxectivos de *“Simplificar e axilizar os procedementos de xestión académica”, “Facer que os sistemas de xestión de calidade fornezan información cada vez máis valiosa e pertinente para a toma de decisións institucionais” e “Poñer a información derivada da xestión da calidade ao servizo da transparencia e do compromiso ético da universidade”*.

En coherencia con esas liñas de traballo, a USC implantou os Sistemas de Garantía de Calidade (SGC) nos seus centros docentes seguindo a norma FIDES-AUDIT, que se engadiron ao Plan de Calidade dos Servizos Administrativos de Xestión Académica que, desde o ano 2005, está certificado conforme á norma de calidade UNE-EN ISO 9001 e que comprende os Procedementos dos Servizos de Xestión Académica, de Xestión da Oferta e Programación Académica e da Oficina de Análise de Reclamacións.

Os SGC teñen como principal obxectivo asegurar o desenvolvemento de programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao persoal docente, investigador e de servizos, e que renda contas do investimento e optimización dos recursos.

Pola súa parte, o SGC dos servizos de xestión académica ten como obxectivo prioritario a mellora continua das súas prestacións, e ten como referente á persoa usuaria, satisfacendo as súas expectativas, e formulando os seus compromisos con esta a través dunha carta de servizos.

Esta característica é común a toda a política de calidade da USC: dirixir os esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os grupos de interese e, co fin de satisfacelos, comprometerse a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición, dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables.

Por todo iso, a USC adquire o firme compromiso de garantir a calidade dos seus programas de estudo e servizos desenvolvendo a súa política baixo estes principios:

1.- RESPONSABILIDADE. A USC responsabilízase de proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia da súa oferta académica e do seu desempeño administrativo para responder ás necesidades e expectativas dos usuarios e da sociedade en xeral.

2.- INTEGRACIÓN, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE. A USC establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos grupos de interese sexan atendidas e que todos eles participen no desenvolvemento da institución a través das vías establecidas para iso, garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

3.- ORIENTACIÓN AO ALUMNADO. A USC garante que toda a súa actividade formativa está orientada ao alumnado, principal receptor desta.

4.- EXCELENCIA. O traballo da USC busca acadar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria.

5.- TRANSPARENCIA. A USC basea a xestión dos seus programas formativos e o desempeño da súa actividade administrativa na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

Santiago de Compostela, xullo de 2021.

O reitor

Antonio López Díaz

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
16/07/2021 12:07:16.

**CSV:** 3093-4D48-43C4-A892